



**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DIA DEZASETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL CATORCE.**

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a.MARIA LOUREIRO GARCIA (PSdG-PSOE)

CONCELLEIROS

D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL, (PSd G-PSOE)

D^a.MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ, (PSd G-PSOE)

D. CARLOS ALBERTO GUEIMUNDE CABALEIRO

D^a.COVADONGA VIAMONTE AGUIAR

D.VICENTE HERMIDA RODRIGUEZ,

D.ANTONIO JOSE BOUZA RODIL,

D.JAIME EDUARDO de OLANO VELA,

D.CELESTINO VALENTIN GARCIA PAZ,(PP)

D^a.CANDIDA MENDEZ SALGADO,(PP)

D^a.MARIA JESUS VALE LOPEZ,(PP)

D.BERNARDO JOSE FRAGA GALDO,(BNG)

D.MANUEL GALDO DOPICO, (BNG)

D^a.OLAIA CASAS CHAVES,(BNG)

D.GUILLERMO LEAL ARIAS,(IVI)

D.JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ,(IVI)

NON ASISTIU -EXCUSA

D^a.M^a.CARMEN GUEIMUNDE VILA (PP)

SECRETARIA ACCIDENTAL

D^a.FÁTIMA MOAR RIVERA

NON ASISTIU

INTERVENTORA MUNICIPAL

Dona Rosa Abelleira Fernández

Na Casa do Excmo.Concelo de Viveiro, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día dezasete de outubro de dous mil catorce, baixo a Presidencia da Sr^a.Alcaldesa, Dona María Loureiro García, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, D^aFátima Moar Rivera, que substitúe, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión e declarada pública pola Sr^a.Alcaldesa-Presidenta á hora indicada, previa comprobación pola Sra.Secretaria accidental do quórum de asistencia legalmente esixido para



a válida celebración das sesión do Pleno do Concello, nos termos establecidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia procede ao tratamento da sesión extraordinaria do Pleno do Concello co único punto da Orde do Día.

1º.-MOCION DA ALCALDIA APOIANDO Á COMUNIDADE ESCOLAR DO IES VILAR PONTE DE VIVEIRO POLO CONFLITO XERADO POR PARTE DA CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA DE DEIXAR SEN CUBRIR UNHA PRAZA DE PROFESOR/A.

Pola Sr^a.Alcaldesa-Presidenta Dona María Loureiro García, dáse conta ao Pleno Corporativo de escrito presentado no rexistro xeral municipal do Concello, mediante o cal os voceiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE, BNG e IVI solicitaban a convocatoria dun pleno extraordinario para apoiar á comunidade escolar do IES Vilar Ponte de Viveiro (pais e nais, alumnos e profesores) polo conflito xerado por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia de deixar sen cubrir unha praza de profesor/a.

E seguidamente, fai fincapé, e ven en dicir que, tanto os membros do grupo municipal do BNG, como os membros do grupo municipal do IVI, como os concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, van a renuncian ás asignacións e dietas que terían e que lles corresponderían por asistir a esta sesión plenaria. Polo que queremos que conste en acta a renuncia á dietas consignadas por asistencia a este pleno.

EXPOSICION DE MOTIVOS

Tras a decisión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de deixar sen cubrir unha praza de profesor de Lingua Castelá do IES Vilar Ponte, queremos manifestar publicamente o seu apoio a toda a comunidade educativa que, con diferentes medidas, están a manifestar o seu descontento coa decisión da Xunta de Galicia; neste sentido, deben entenderse tanto a dimisión do antigo equipo directivo como as manifestacións e concentracións de pais, alumnos, profesores, etc.

Consideramos inaceptable que a estas alturas do curso educativo se comunique unha decisión contraria ás previsións existentes, máis aínda tendo en conta que neste curso xa se deixaran sen cubrir outras prazas; obrigando a modificar os horarios elaborados e afectando, incluso, ao desenvolvemento doutras actividades educativas, como as visitas ao laboratorio ou a atención da biblioteca; consideramos, así mesmo, intolerable que a alternativa proposta pola consellería sexa aumentar a ratio das aulas, unha proposta que merma indiscutiblemente a calidade da educación e que converte a alumnos e profesores nos grandes prexudicados desta decisión.



Tampouco compartimos a decisión da directora nomeada pola delegación territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de denunciar a súas nais que o pasado venres se presentaron no centro educativo, xunto a máis proxenitores, para transmitir as súas reclamacións a profesores e alumnos, considerando que se trata dunha medida inxustificada e innecesaria ante unha actitude derivada da lóxica preocupación dos pais pola educación dos seus fillos.

Por todo isto, propoñemos al Pleno do Concello de Viveiro a adopción do seguinte ACORDO:
PRIMEIRO.- instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que reconsidere a súa decisión cubrindo, para o presente curso e á maior brevidade posible, a praza de profesor/a prometida, no IES Vilar Ponte de Viveiro.

SEGUNDO.- Instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que reconsidere a súa decisión e faga retirar as denuncias interpostas contra dúas das nais que se manifestaron no interior do IES Vilar Ponte o venres 10 de outubro de 2014.

TERCEIRO.- Poñer en coñecemento de tódolos grupos que forman a Cámara do Parlamento de Galicia, para que ratifiquen e apoiem os puntos anteriores e esixan ao goberno autónomo maior control para que estas situacións e incidencias non se volvan a dar en ningún dos centros de ensino da nosa comunidade autónoma.-

Pensamos tamén, por parte do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que a solución ideal para resolver este conflito, sería volver ó “compromiso” mantido coa Consellería de Educación en setembro, onde xa tiña a asignación dos profesores ao Instituto Vilar Ponte, e xa estaban elaborados os horarios e incluído un profesor número 43.

Cremos que a solución ten que ser “Xa” e eminente”, porque os máis perxudicados son os alumnos e as alumnas do Vilar Ponte. Pensamos que é esaxerado a denuncia que lles puxeron a dúas nais do APA, que o único delito que cometeron é defender os dereitos educativos de tódolos rapaces e rapazas do Instituto Vilar Ponte.

Aberta a quenda de intervencións:

pola Sra. Alcaldesa-Presidenta concede o uso da palabra ao voceiro do grupo municipal do PP, Don Antonio J. Bouza Rodil: Quen empeza dicindo: Moitas grazas, boas tardes, e ven en manifestar que os membros do seu grupo municipal do Partido Popular tamén renuncian ás dietas que lles correspondería por asistir a esta sesión plenaria. Dí que foi unha proposta que fixo o partido popular, cando dixo que as dietas non se deberían cobrar cando os plenos teñan carácter “urxentes” e “extraordinarios”



Continúa dicindo que non hai moitos días neste Salón de Plenos, escoitei ao Sr. Jesús Fernández do IVI, que dicía: “a unión hace la fuerza..” y é verdade. Explicaba que cando se presenta unha moción en asuntos importantes para Viveiro, debemos unirnos todos los grupos políticos. Eu dílle a razón, pero agora.., teño que desengañarme e que a frase estaba valeira de contido, xa que a este Grupo municipal do Partido Popular non se lle deu opción, nin de participar na moción que se presenta ni ningures nos chamou. Se fixo... como se fixo todo..Eu, tiven coñecemento e entereime de que iba haber este pleno pola prensa, e antes de recibir a convocatoria. Entendemos que non se quere que o partido popular de Viveiro forme parte da solución de este problema. Un grave problema que atañe a educación dos nosos fillos e fillas. ¡ Miren¡, si estarei preocupado¡ ..que son paí dunha alumna, e son mestre, e circunstancialmente, son político.... Porque é o que quero e quixen ser toda a miña vida : ¡ ser paí e ser mestre...¡ E para a moción que traen hoxe aquí, para este viaxe non facían falta tantas alforxas, e na explicación de motivos, que pode ser tan variada e diversa que nos daría para escribir un libro.

Vou directamente aos puntos: Sobre todo para que vexan a vontade do Partido Popular de Viveiro...¡Lémbrolles, “Partido Popular de Viveiro”..¡ .Non somos de Galicia, e queremos solucionar tamén o que hoxe se acontece aquí. No primeiro punto, veñen en reivindicar un profesor de lingua castelá..Este Portavoz, foi o primeiro que o puxo na prensa.O día 2 de outubro dixen na prensa que apelaba á Consellería para que dera ese profesor número 43 . Xa que hai temas que considero prioritarias como é a Educación. Son mestre, son pai, e apeléi a esto... e tiven as reunións que tiven que ter. E tiven que telas para estar informado, de primeira mán, sobre este asunto.

Déronseme as explicación diversas e variadas e que podía ser, da mesma maneira, con 42 profesores. E un que é profesor sabe que, moitas veces, é necesario así, e recibín unha carta da directora que dicía: “Dende o primeiro momento, para tranquilizar ao profesorado da AMPA, se dicía que non se ían perder ningún Profesor da ESO, nin de Bacherelato. Quedeí máis tranquilo, é algo haberá de certo.Pero, insisto, en todo caso, nós imos sumarnos a esto. ¿Cómo non vamos a sumarnos...?.Pero tamén quero agradecer estas palabras da Directora do Centro e vounas ler, que dicen asi: “Non é habitual que a Directora dun Centro nos pase esta información, nin se facía antes nin se fai agora.Este tipo de postura e competencia exclusiva da dirección do centro e da Consellería de Educación. En calquera caso, por cortesía co seu grupo, dirixímonos e comunícanos que se perde unha praza de profesor de música porque esas horas poden ser absorbidas polo departamento de persoal cando estea de garda.Estas palabras non foron ditas por min, foron ditas pola Alcaldesa cando nun pleno de setembro se perdían dous profesores. A mín parecéume una postura sensata como membro de Educación. Nin os horarios os van a facer os país e naís nin nada parecido....E un tema que teñen que resolver os directores dos centros, nin mais nin menos. E un non quero que a miña filla teña, nin mais nin menos, os profesores que teñen os rapaces de Galicia. Quero que teña o que lle corresponde. Por eso, eu lles vou a pedir, que neste Primeiro punto, si vostedes o teñen a ben, facer unha enmenda, é dicir, o punto, tal cal está, engadir...”Sempre que sexa necesario”...E dicir, si este Profesor 43 é necesario.., que veña.



Esa é a coletilla que digo se faiga constar. Plantexo que os nosos fillos e fillas teñan o que necesitan. Outra casuística que se da no Centro como consecuencia do equipo salinte e que agora nos vemos con dous profesores de música. Que facemos co outro?.Témolo alí. ..Entendo que non teñen por qué saber todas as cuestións, pero alguén debería explicarlles...

Con respecto ao punto segundo, ¡ miren, parte dun acto “ irresponsable”¡ e non teño nada contra as dúas nais que foron denunciadas. Todo o contrario, Cando eu fún director, unha delas, das nais, foi secretaria da APA conmigo, ¿ e certo ou non?.., e traballamos e conseguimos retos que parecían imposibles para o Colexio Luis Tobío, que foi a xornada continua. Polo tanto, eu téñoa en moi elevada consideración. Pero non é motivo para que non diga que me pareceu un acto irresponsable. Non sei si habería que negociar ou non. Como director que fún eu tamén denunciaría a ausencia, xa que o máis importante é a seguridade dos nosos fillos e a integridade física. Vostedes saben que cando temos os nenos nos centros..., nós somos os responsables do que acontece no Centro e para os pais será tranquilidade. Polo tanto, repito, que non son vostedes nin delincuentes, nin irresponsables, nin nada diso, porque conozo ás dúas nais, ademáis. Pero digo, que o acto foi irresponsable. Probablemente, ¡ un mal momento¡ e pouco medido. Quero entendelo así.., e como tal, penso que estas cousas se poden falar...Apoiamos que a Consellería retire esta denuncia porque as conozo e sei que non son irresponsables e que loitan polo que créen e alégrome de que así sexa.

A continuación, pola Sra.Alcaldesa, advírtelle que non se pode dirixir ao público como está a facer o Sr. Bouza Rodil na súa intervención.

O voceiro do PP, pide disculpas e continúa a súa intervención para dicir: Que lle pareceu un acto irresponsable ese “asalto” ao Colexio...e xa non quero pensar que houbera tamén concelleiros e membros que se sentan nesta Sala. Parece-me grave porque pode ocorrer un accidente...De todas maneiras, as implicadas deberían falar ca directora do Centro e intentar chegar a un acordo.Nós non temos ningún problema en apoiar este punto segundo.

E con que respecta ao punto terceiro, tampouco temos problema, ningún problema en absoluto.E máis, estamos interesados en que esto se conoza non Parlamento de Galicia e sobre todo estamos interesados ca parte final do ultimo punto onde di: ...“Que esta situación non se volva a dar e ningún dos Centros de Ensino da nosa Comunidade Autónoma. Efectivamente, ¡ Oxalá¡ non se volva a dar porque os mais perxudicados son os nenos/as.Apoiamos os tres puntos, nós estamos dispostos a que se mire e se analice, si é necesario, cubrir a praza, entón, ¡ adiante ...¡ nós apoiámola. Si vostedes miran si é necesario un profesor 43.



Pola Sra. Alcaldesa, dícese que esta Moción xurdiu porque se encontraron os compañeiros do BNG e do IVI e do Partido Socialista nas manifestacións e nas asembleas e nas concentracións da Praza. Pero ningures dos membro do Partido Popular estivo alí, simplemente, para escoitar.

Intervén o voceiro do BNG, D. Bernardo José Fraga Galdo, quen cede a súa palabra á conselleira do seu grupo municipal Dona Olaia Casas Chaves, quen intervén para dicir que é un discurso moi perfecto e bonito, e que non se infravaloren os coñecementos das nais, que se están convertindo nunhas expertas nestes asuntos... Ao fío do que acaba de dicir a Sra. Alcaldesa, da queixa por non estar incluído nesta moción o P.P. Vostede manifestaba públicamente o 12 de outubro, antes de que se convocara este pleno: “.. que a Consellería está intentando solucionar este problema, pero todo o mundo debe dar un marxe para saber como vai funcionar esta cuestión...”. No me extraña que recoñeza o punto tres desta moción, que foi o BNG quen presentou unhas iniciativas ao Parlamento. E veño en dicir, que este curso comezou formalmente con total normalidade, estas foron as palabras do Concelleiro de Educación. Eso sí, vía comunicado, ou mesmo grabación vía MP-3. A cara no na deu. Non apareceu por ningures. Agardábamolo en Centros de todo o País: Naís, Pais, Mestres, Mestras, para denunciar que os Centros Públicos están a sufrir a política dos recortes do Partido Popular, que están atacando a moitos centros do Ensino público. Ampas, Equipos Directivos, Claustros, Consellos Escolares, Sindicatos, e cantos máis, veñen reclamando á Consellería de Educación o Profesorado necesario para garantir as necesidades educativas dos Centros e garantir un Ensino de calidade para todo alumnado: O Rosal, Valadouro, Ouro, Viveiro, etc, moitos destes Centros están denunciando as deficiencias antes de empezar o curso e o Conselleiro mira para outro lado, coa pouca vergoña que puco lles importa. A piques de empezar o curso o Vilar Ponte contaba con 43 profesores/as especialistas dos profesores de pedagogía terapéutica e 11 horas do Profesor de Relixión o que supo unha praza menos que o ano pasado. Despois das conversacións mantidas co Inspector de Educación e co Equipo Directivo de aquel momento, de que se mantiñan estas prazas, elabórase os horarios a comenzo de setembro. A finais de setembro, xa co curso andando, Inspección informou ao Centro de que non enviará o profesor 43 e que deixa sin cubrir un profesor de lingua castelá, faltando deste xeito ao apalabrado co Equipo Directivo. Tras varias reunións con Educación e representantes da AMPA donde se desoi todas as iniciativas para resolver este problema. A Xunta Directiva presenta a súa dimisión en bloque, despois de saber que non hai ningunha intención por parte de Educación de chegar a un consenso. Hai que lembrar que este é un problema que provocaron dende Educación e tiñan que enviar ao Centro o Profesor que tiñan prometido. Provocárono eles e despois van nombrar unha nova Directora. As nais e os Pais seguimos reclamando que nos escoiten, entramos no Instituto pola porta para informar do que estaba acontecendo. Ningúen nos negou a entrada, o Xefe de Estudos informounos que a Directora nos iba recibir no salón, mais ela non gustou do que alí tivo que escoitar, non gustou de que naís e pais defenderan os dereitos das nosas fillas/os, O dereito que teñen a unha educación digna e de calidade. Non lle gustou e denunciou a dúas nais ante a policía. ¡Pois



Señora..! eu tamén estaba alí ¡ . Mintiu, xa que ésta era unha protesta pacífica. Mintiu en Educación e mintiu nas manifestacións públicas, mais non conseguiu- meternos o medo no corpo- queren converternos en delincuentes, queren facer dun asunto político un asunto de orden público... e, a todo isto... ¿Onde está a Xefa Territorial de Educación..?...Onde está. Esta defendendo o Ensino público?.., Non. ¿ Esta defendendo o aspecto educativo do Vilar Ponte?. Non. ¡ Váíase..! Dimita!..Pedimos a ¡dimisión enerxicamente da Xefa Territorial de Educación¡ Pola súa incompetencia e inoperancia. Pedimos a retirada da denuncia das duas nais. Pedimos que cesen á nova Directora e que cumpran co que marca a normativa. Pedimos que cubran a praza do profesor para evitar este conflito porque os feitos vaticinan o que se viña denunciando. Que as nosas fillas teñan dereito Xa” a unha Lei como se merecen ao que teñen dereito pois van a ser o futuro deste pais.E remato dincindo: ¿ ¡eu, tamén estaba alí..que me denunciem...¡.

Intervén por alusións D.Jesús Fernández Fernández , concelleiro do IVI e dí que según a intervención do voceiro do Partido Popular, Sr. Bouza Rodil, quere aclarar unha serie de cuestións. A primeira, efectivamente, de todo o que dixo, dixo unha verdade. Que efectivamente, na visita turística, que fixeron ao Colexio de Vilar Ponte había Concelleiros da Corporación. Eu tamén fún, eu tamén estaba alí.... Eu tamén. Fún. Non acertou nesa frase de: “Un asalto ao Colexio”. Dixo nos medios de comunicación, un asalto ao Colexio “Á BRAVA“..etc. Eso foi o que me sacou a min a idea de mandarlle recado. Xa sabemos que non lle gustan os recados, e xa o dixo cando foi a reunión do Plan Xeral. O do tema da Brava, é verdade, que no me gustou nada, e decidín non invitalo.Efectivamente, corroboro todo o que dixo a compañeira do BNG, Sra. Olaia, xa que nadie prohibiu a entrada no Vilar Ponte , nin nadie prohibiu a saída. Nadie lle dixo a ningún alumno, nin sal de aquí, nin entra, nin sube nin baixa.O contrario, unha desas nais denunciadas axudou aos profesores como se dí. “ A meter as ovellas no redil”. ¡Mire vostede; o que é falar de oído. Coincido con vostede en dúas cousas das que dixo. Unha, que vostede e pai, e eu tamén son pai. Vostede é da Corporación e eu tamén son da Corproación; Vostede é mestre, e eu estou no paro.¿ E sabe por qué eu estou no paro?..Gracias, ás birguerías que fixo o Partido Popular pola economía deste Pais....¿Entende?. ¡ Que suerte ten de ter un traballo; E repítolle, aquí e onde faiga falla.: “A unión fai a forza” ..pero a unión cando é voluntariosa. A de vostede non é unión. vostedes sempre están ao pé do cañón. Pois mire, pode estar vostede ao pé do cañón que hai no Conservatorio, xa que non hai outros cañóns....

Intervén a Srº.Alcaldesa para dicir que desexa que o voceiro do PP, Sr. Bouza Rodil, pídelle que retire a palabra “asalto” das nais ao Instituto Vilar Ponte.

Polo Sr. Bouza Rodil, dícese que non ten ningún inconvinte de retirar a palabra “asalto “.. e que a retira.

E pediría si se pode modificar o primeiro punto, engadindo, si é necesario.



Pola Sra. Alcaldesa, dícese que non, que non vai a modificar ningún punto da moción presentada.

Intervén e voceiro do partido independentes de Viveiro (IVI) Don Guillermo Leal Arias, que comeza dicindo: “Boas tardes a todos” Quédome perplexo cando se protesta por que se presenta unha moción par parte de grupo políticos. Pregunto si se cometeu algún delito por eso. ¡ Pero miren...¡- é dí-refiríndose ao grupo municipal do Partido Popular-... que si vostedes tiñan información de primeira man.... ¿Entón, Por qué non presentaron a moción sin calquera de nós?. Si tiñan información de primeira má. Non se enfade cando nosoutros presentamos algo que é, simplemente, defender un dereito que temos sobre os nosos nenos que reciban educación, que é un principio básico do réxime democrático, e é o que a Xunta de Galicia non está cumprindo, e é o que nos veñen recortando día a día. Eso é o que veñen facendo. Entón, o que non poden prohibir é que nósoutros aquí, non presentemos algo que vimos a defender, un dereito fundamental que é a Educación. Eso é polo que están pelexando estas nais e país, e loxicamente, o meu compañeiro tamén e pai e pelexa, pero a vostede non lle debe preocupar moito, e non diga que a unión fai a forza, porque vostede non vende. Vostede véndese ao seu partido non a favor dos veciños e veciñas de Viveiro. Damos a gracias ao BNG por unirse e ao Partido Socialista por unirse tamén xa que calquera ten que apoiar esto porque non se entende que se nos poida privar da Educación. E a Xunta, que mande escritos amenazando as nais. ¡Oiga vostedes!, que estamos nun sistema democrático.... e podemos falar e dicir o que pensamos. Eso, dixoo a Xunta de Galicia e corroboróuno a Directora do Centro. Creo que é unha idea desacertada..., e non é tratar de chegar a medidas dialogantes. Entón o que fixo a Consellería de Educación foi o seguinte: “As Bravas non hai profesor..!. Pois... eu digo,¡ As Bravas vai haber profesor no Instituto Vilar Ponte. Non existindo máis debate sobre este asunto sendo o único punto da Orde do Día.

Sométese a proposta á votación ordinaria, e o Pleno Corporativo, por maioría absluta, con once (11) votos a favor, que resultan ser: seis (6) votos a favor do PSdG-PSOE; tres votos (3) do BNG e dous (2) votos a favor do IVI; e cinco (5) abstencións do Grupo Municipal do P.P.,

ACORDA:

PRIMEIRO.- instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que reconsidere a súa decisión cubrindo, para o presente curso e á maior brevidade posible, a praza de profesor de lingua castelá do IES Vilar Ponte.

SEGUNDO.- Instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que reconsidere a súa decisión e faga retirar as denuncias interpostas contra dúas das nais que se manifestaron no interior do IES Vilar Ponte o venres 10 de outubro de 2014.

TERCEIRO.- Poñer en coñecemento de todos os grupos que forman a Cámara do Parlamento de Galicia, para que ratifiquen e apoiem os puntos anteriores e esixan ao goberno autónomo



maior control para que estas situacións e incidencias non se volvan a dar en ningún dos centros de ensino da nosa comunidade autonómica.”

E non habendo máis asuntos de que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión sendo as vinteunha horas do día con que se encabeza esta acta, que se estende por quintuplicado exemplar, de todo o que eu, secretaria accidental, dou fe.

Vº e Prace
A ALCALDESA,

A SECRETRARIA ACCTAL..